


PASO 3: Modificar e crear as páxinas principais e as páxinas ligadas a elas.


Na escollo do padrón a empregar falabamos de escoller un que tivera aspecto e posibilidades reais de web, e unha destas características principais e que teña varias páxinas agrupadas ao xeito de “menú” onde navegar por elas.

Este modelo ofrécenos esta opción dun xeito limpo e claro na parte superior dereita como vedes aquí:



Pero seguramente non queirades ter estas opcións exactamente como se indican aí polo que imos ver como modificalas. Para iso hai que acceder ao apartado que xa nomeamos anteriormente: “PÁXINAS DO SITIO”


Cando premades nese botón atoparédesvos con algo así:




Esta é a páxina onde crear e xestionar o total das páxinas que conforman a nosa web. Podemos cambiar e engadir todas as que queiramos. Sempre tendo en conta unha cousa fundamental: o espazo do que se dispón para amosar. No caso de ter máis páxinas tocaría ou ben agrupalas doutro xeito ou cambiar o tema.

As páxinas teñen unha organización de árbore polo que teremos varias polas principais, as que se amosan na parte superior da páxina, e despois cada unha destas polas pode ter a súa vez varias páxinas, que se amosaran cando se pase por riba da pola nai.

Para modificar cada unha destas páxinas temos que premer co botón do rato enriba dos tres puntos da parte dereita e a continuación premer en EDITAR, tal e como amosamos na imaxe seguinte:



Unha vez dentro da opción editar atopámonos co seguinte:



Unha sorte de pequeno procesador de texto onde podemos cambiar:

- O título da páxina (e por conseguinte o título que aparece no menú superior da páxina principal).
- Engadir o texto que desexemos e modificalo ao noso antollo con todas as características fundamentais dun procesador de texto: tamaño, fonte, cor, aliñamento, etc.
- Engadir os medios que desexemos.

Para engadir estes medios tan só temos premer en “engadir” para obter esta nova pantalla, que ao premer en “medios” dirixémos a sección que xa coñecemos e que nos permite engadir novos contidos multimedia tales como imaxes, sons ou vídeos.



+ Añadir Párrafo B I

- Medios
- Archivos multimedia de Google
- Formulario de contacto
- Botón de pago



Unha vez que xa sabemos como modificar ao noso gusto calquera das páxinas que ou ben xa aparecen feitas ou ben creamos nos para a web imos tratar posiblemente o tema máis importante que se debe facer con elas, o que converte a varias páxinas soltas nun sitio web: a súa ligazón e relación cas demais páxinas.

Para isto na parte dereita da páxina atopamos un menú con varias opcións:



Configuración de la página

- Estado
- Imagen destacada
- Atributos de página
- Compartir
- Más opciones



Ao premer en ATRIBUTOS DA PÁXINA aparecen as opcións fundamentais.





Atributos de página

PÁGINA PRINCIPAL

Página de nivel superior

- Blog
- Contacto
- Inicio
- PÁGINA 1
- Quen son?

Plantilla de página


Plantilla predeterminada

ORDEN

1



Decátadevos de que se atopa activada a opción “páxina de nivel superior”, isto quere dicir que esa páxina será unha das que se amose na páxina principal.






Se premedes nun dos círculos das outras páxinas inmediatamente pasa a asignarse como “páxina filla” dunha desas páxinas, polo que non se amosaría nese nivel superior senón ao activar ou premer enriba do nome da páxina a que esta ligada.



Se despois de converter unha páxina en filla doutra queredes que volte a ser “de nivel superior” tan so tedes que premer de novo na opción indicada e tornará a súa cor, quedando así activada.




Outra opción fundamental que nos amosa este menú na páxina é a opción “Imaxe destacada”.



A función e moi doada de empregar: tan só temos que premer nela para que nos dirixa ao noso centro de medios e alo escoller unha imaxe das que xa temos ou subir unha nova. Esta imaxe actuara como imaxe principal desta E SÓ DESTA páxina.





Quen son?

↳ <https://formacionhtml5.wordpress.com/acerca-de>



ESPAZO PARA ENGADIR O TEXTO QUE DESEXEMOS



Cando teñades toda a páxina rematada non esquezades premer en ACTUALIZAR, para que os cambios teñan efecto.

Con estes doados tres pasos temos TODO o necesario para crear unha páxina web baseada en Wordpress totalmente funcional E TOTALMENTE PERSONALIZADA

Tedes que ter MOI en conta o aprendido no tema 2 sobre preparar os vosos contidos e telos todos localizados para encher o voso centro de medios e ter moi en conta as páxinas que ides crear mediante a sinxela creación dunha árbore de contidos.

MANS Á OBRA!

